



.....

Xornada en liña

Participación e públicos culturais en tempos da COVID-19

Xornadas de Mediación Cultural III

.....

19 e 21 de xaneiro de 2021

19 de xaneiro: publicación dos relatorios gravados da primeira sesión en consellodacultura.gal

21 de xaneiro: debates en directo en consellodacultura.gal



A mediación cultural é un concepto polisémico que remite a un conxunto de prácticas que buscan facilitar o acceso a un determinado coñecemento cultural (artístico, patrimonial, antropolóxico) por parte de persoas e colectivos non expertos na materia. Na súa versión máis ambiciosa, persegue fomentar a produción de coñecemento colectivo mediante a participación activa da comunidade. Para abordar esta cuestión tan ampla e abranguinte, o Consello da Cultura Galega impulsou un ciclo de xornadas nas que se tratarán diferentes liñas de traballo arredor desta temática:

I. A animación sociocultural, a cultura colaborativa e todas aquelas fórmulas que procuran a participación da cidadanía no feito creativo.

II. NTIC: o presente e a potencialidade das novas ferramentas e dispositivos dixitais para o achegamento de contidos culturais e artísticos.

III. Participación e públicos culturais en tempos da COVID-19.

IV. Patrimonio, turismo e centros culturais: a elaboración de relato, o deseño de experiencias, as técnicas de programación cultural e a relación cos públicos.

V. Medios de comunicación: o papel da prensa, televisión, radio e outras canles como escaparates da oferta cultural dun territorio.

O obxectivo xeral das Xornadas de Mediación Cultural é trazar unha panorámica e estimular o debate sobre aquelas disciplinas académicas ou profesionais que se centran en analizar e facilitar o acceso da cidadanía á cultura e/ou en propiciar a participación cidadá no feito creativo.

O obxectivo específico desta terceira xornada é realizar unha aproximación ao impacto da COVID-19 na participación e hábitos culturais da cidadanía.

Nun primeiro bloque, achegarémonos á experiencia e últimos traballos de dúas iniciativas que traballan na análise de datos culturais, que nos permiten coñecer a evolución dos hábitos, do consumo ou da participación cultural. Tamén o impacto da COVID-19 en todos eles.

Nun segundo bloque, debateremos sobre o impacto da pandemia na participación cultural en Galicia. Será a través dunha mesa redonda de axentes que traballan en diferentes institucións socioculturais de proximidade en Galicia.

Programa

Martes, 19 de xaneiro

Publicación dos relatorios gravados da primeira sesión “Análise de datos culturais” en consellodacultura.gal

Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega

Håkan Casares, Observatorio da Cultura Galega, CCG

Da man do seu coordinador Håkan Casares, presentarase o último documento de traballo do Observatorio da Cultura Galega, que analiza a “Influencia da COVID-19 nos hábitos culturais da poboación galega”. Realizado a través dunha consulta aos propios consumidores dos produtos culturais, nel abórdanse as consecuencias das medidas restritivas adoptadas que afectaban ao consumo e ao gasto. A enquisa levouse a cabo durante o mes de outubro de 2020, cando a poboación se vía afectada pola chamada “segunda onda” da pandemia.

Enquisa de participación e necesidades culturais de Barcelona

Nicolàs Barbieri, Observatori de Dades Culturals de Barcelona, Institut de Cultura de l’Ajuntament de Barcelona

A outra iniciativa que coñeceremos é a “Enquisa de participación e necesidades culturais de Barcelona”. Cun enfoque innovador, busca medir as desigualdades na participación, as necesidades da cidadanía e, sobre todo, interpretar a diversidade de prácticas culturais individuais e colectivas que non sempre consideramos como tales.

Xoves, 21 de xaneiro

17:00 horas

Debate en directo

Análise de datos culturais

Moderador: **Marcos Lorenzo**, membro da Comisión e técnico de Cultura en Ferrol

- **Håkan Casares**, Observatorio da Cultura Galega, CCG

- **Assumpta Manils** e **Montserrat Tort**, Observatori de Dades Culturals de Barcelona

19:00 horas

Debate en directo

Impacto da pandemia na participación cultural en Galicia

Moderador: **Sergio Lago**, membro da Comisión e coordinador das Xornadas

- **Jaime Capilla**, xestor e mediador cultural. Colaborador do Museo de Belas Artes da Coruña

- **Ángeles Miguélez**, encargada de auxiliares de sala na Rede Museística de Lugo

- **Elena Pernas**, directora adxunta da Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña

Organiza

Comisión Técnica Temporal de Xestión e Políticas Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Sergio Lago

Participa

A actividade non será presencial. Será retransmitida a través do noso web e da nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerá na Mediateca para consultas futuras.

- O **19 de xaneiro** publicanse os relatorios gravados da primeira sesión “Análise de datos culturais” e o **21 de xaneiro** terán lugar o dous debates en directo ás 17:00 e 19:00 horas, respectivamente.

Non é necesaria inscrición previa.

Se queres participar podes enviar previamente as túas preguntas ou facelo en directo durante os debates no correo participa@consellodacultura.gal

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

